

SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

TEMA 3- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia

1. Segundo o artigo 1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei ten por obxecto a regulación do réxime xurídico da función pública galega e:

- a) A determinación das normas aplicables a todo o persoal ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.
- b) A determinación das normas aplicables a todo o persoal funcionario e laboral fixo ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.
- c) A determinación das normas aplicables a todo o persoal funcionario de carreira e laboral ao servizo das administracións públicas incluídas no seu ámbito de aplicación.

2. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a potestade que faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega denomínase:

- a) Potestade de programación.
- b) Potestade regulamentaria.
- c) Potestade de autoorganización.

3. De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a potestade de autoorganización é aquela que:

- a) Faculta a Administración xeral do Estado para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- b) Faculta a Consellería de Presidencia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.
- c) Faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega.

4. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o réxime xurídico do persoal incluído no ámbito de aplicación da citada lei non se basea nun dos seguintes principios:

- a) Desenvolvemento e cualificación profesional permanente dos empregados públicos.
- b) Igualdade na atribución, ordenación e desempeño das funcións e tarefas.
- c) Eficacia na planificación e xestión dos recursos humanos.

5. De acordo co establecido no artigo 3 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, as administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da citada lei xeneralizarán a xestión de todos os procesos e procedementos administrativos derivados desta:

- a) Por medios electrónicos.
- b) Por medios manuscritos.
- c) Por medios mecanografados.

6. De acordo co establecido no artigo 6 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, esta lei é de aplicación ao persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde:

- a) En ningún caso é aplicable a este tipo de persoal.
- b) Agás no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Agás no relativo ao seu réxime disciplinario.

SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

7. Con base no recollido no artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei non se aplica ao persoal funcionario ao servizo das seguintes administracións públicas:

- a) Entidades locais galegas.
- b) Entidades públicas instrumentais vinculadas ou dependentes das entidades locais galegas.
- c) Delegacións ministeriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Segundo o recollido no artigo 5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, pódense ditar normas singulares para adecuar esta lei ás peculiaridades:

- a) Do persoal investigador.
- b) Do persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
- c) Do persoal docente dependente da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.

9. Conforme ao disposto no artigo 6 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei é de aplicación ao persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ao persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, excepto no relativo á materia seguinte:

- a) Carreira profesional e promoción interna.
- b) Retribucións básicas.
- c) Réxime disciplinario.

10. Conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese por:

- a) A lexislación básica estatal que lle resulte de aplicación e pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coas especialidades reguladas no seu título X.
- b) A lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica.
- c) A lexislación orgánica de universidades e as súas disposicións de desenvolvemento.

11. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia:

- a) Réxese pola normativa reguladora deste órgano e pola presente lei supletoriamente.
- b) Réxese pola presente lei, excepto no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Non se rexe pola presente lei en ningún caso.

12. Cal dos seguintes tipos de empregados non figura recollido na clasificación do artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia?:

- a) Persoal funcionario interino.
- b) Persoal laboral indefinido.
- c) Persoal eventual.

SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

13. Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que desempeñan funcións retribuídas ao servizo dos intereses xerais nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación desta lei denomínanse:

- a) Traballadores.
- b) Autónomos.
- c) Empregados públicos.

14. Conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que, en virtude de nomeamento legal, están vinculadas á Administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente denomínanse:

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal eventual.
- c) Persoal laboral.

15. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de inspección, fiscalización ou control serán reservados necesariamente nas relacións de postos de traballo a:

- a) O persoal laboral.
- b) O persoal funcionario.
- c) O persoal eventual.

16. De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen a realización de tarefas de contabilidade e tesourería serán reservados necesariamente nas relacións de postos de traballo a:

- a) O persoal funcionario interino.
- b) O persoal funcionario.
- c) O persoal laboral.

17. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, para que poida procederse ao nomeamento de persoal funcionario interino ten que concorrer algunha das seguintes circunstancias:

- a) A existencia de postos vacantes, con dotación orzamentaria, cando non sexa posible a súa cobertura por persoal eventual.
- b) A execución de programas de duración indeterminada que respondan a necesidades permanentes da Administración.
- c) A substitución transitoria das persoas titulares dos postos.

18. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o prazo máximo de duración da interinidade para a execución de programas de carácter temporal e de duración determinada que non respondan a necesidades permanentes da Administración non poderá ser superior a:

- a) Tres anos.
- b) Un ano.
- c) Dez anos.

SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

19. De acordo co establecido no artigo 23 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os nomeamentos de persoal funcionario interino por exceso ou acumulación de tarefas non poden superar en ningún caso:

- a) O dous por cento do total do persoal funcionario do centro directivo.
- b) O tres por cento do total do persoal funcionario do centro directivo.
- c) O vinte por cento do total do persoal funcionario do centro directivo.

20. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de:

- a) Igualdade, mérito, capacidade, publicidade e libre concorrência.
- b) Servizo á cidadanía e aos intereses xerais.
- c) Avaliación e responsabilidade na xestión.

21. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal funcionario interino producirase por:

- a) Cumprimento dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.
- b) Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento.
- c) Amortización do posto que ocupe.

22. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime interino:

- a) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- b) Non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- c) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal eventual.

23. De acordo co establecido no artigo 26 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, as persoas que, en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na lexislación laboral, prestan servizos retribuídos nas administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei teñen a condición de:

- a) Persoal laboral.
- b) Persoal interino.
- c) Persoal eventual.

24. Segundo o recollido no artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden ser desempeñados por persoal laboral:

- a) Os postos de natureza non permanente.
- b) Os postos que teñan atribuídas funcións de inscrición e anotación de datos nos rexistros administrativos.
- c) Os postos que teñan atribuídas funcións de cancelación de datos nos rexistros administrativos.

SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

25. De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, os postos de traballo vacantes que poidan ser desempeñados por persoal laboral e que se consideren de provisión urxente e inaprazable poden ser cubertos mediante:

- a) Unha empresa de traballo temporal.
- b) A contratación de persoal laboral temporal.
- c) A contratación de persoal eventual.

26. Conforme ao recollido no artigo 27.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o tempo de servizos prestados en réxime de persoal laboral temporal computarase nos supostos de:

- a) Concurso ou de oposición.
- b) Oposición.
- c) Concurso-oposición ou de concurso.

27. Con base no sinalado no artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, cando unha sentenza xudicial firme recoñeza unha situación laboral de carácter indefinido e a persoa afectada poida ser adscrita a un posto de traballo vacante:

- a) Será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
- b) Non será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
- c) Será necesario realizar unha modificación da correspondente relación de postos de traballo.
A proposta da modificación deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses.

28. De acordo co establecido no artigo 29 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, en ningún caso pode realizar actividades ordinarias de xestión ou de carácter técnico o:

- a) Persoal laboral.
- b) Persoal interino.
- c) Persoal eventual.

29. De acordo co establecido no artigo 30 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento produce necesariamente:

- a) O cesamento do persoal eventual ao que esta nomease.
- b) O cesamento do persoal laboral temporal ao que esta nomease.
- c) O cesamento do persoal funcionario interino de devandita unidade administrativa.

30. Segundo o literal do artigo 31.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a determinación das condicións de emprego do persoal eventual:

- a) Non ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva para os efectos desta lei.
- b) Ten a consideración de materia obxecto de negociación colectiva para os efectos desta lei.
- c) Non ten a consideración de materia obxecto de negociación individual para os efectos desta lei.

31. De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o réxime xurídico específico do persoal directivo incluído no ámbito de aplicación desta lei será establecido por:

- a) Lei do Parlamento de Galicia.
- b) Decreto do Consello da Xunta.
- c) Orde do conselleiro de Facenda.

SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

32. O artigo 33 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, indica que os postos que sexan cubertos por persoal directivo:

- a) Recolleranse nunha relación de postos directivos de contido análogo ao da relación de postos de traballo.
- b) Estableceraos anualmente o Consello da Xunta dentro dos correspondentes créditos orzamentarios consignados para o efecto.
- c) Estableceraos anualmente o Consello da Xunta e figurarán recollidos nunha relación de postos directivos de contido análogo ao da relación de postos de traballo.

33. Conforme ao disposto no artigo 50 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, é un requisito xeral para a participación nos procesos selectivos o seguinte:

- a) Estar en posesión da titulación esixida ou estar en condicións de obtela.
- b) Ter cumpridos os catorce anos.
- c) Non ser sancionado mediante expediente disciplinario en ningunha Administración pública.

34. Conforme ao disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia:

- a) As administracións públicas garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas respecto ao galego, como única lingua oficial de Galicia.
- b) As administracións públicas garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas respecto ao castelán, como única lingua oficial de Galicia.
- c) As administracións públicas garantirán os dereitos constitucionais e lingüísticos das persoas tanto respecto ao galego, como lingua propia e oficial de Galicia, como ao castelán, lingua oficial en Galicia.

35. Conforme ao disposto no artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, nas probas selectivas que se realicen para o acceso aos postos das administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei:

- a) Incluirase un exame de galego obrigatorio para todas as persoas participantes.
- b) Incluirase un exame de galego, excepto para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega de conformidade coa normativa vixente.
- c) Incluirase un exame de galego soamente nos casos nos que se así se estableza nas bases das convocatorias dos procesos selectivos.

36. Conforme ao disposto no artigo 52 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, poden acceder ao emprego público como persoal funcionario en igualdade de condicións coas persoas de nacionalidade española:

- a) As persoas que posúan a nacionalidade francesa.
- b) As persoas que posúan a nacionalidade canadense.
- c) As persoas que posúan a nacionalidade alxerina.

SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

37. Conforme ao disposto no artigo 54 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, concorrerán nunha quenda separada dos demais aspirantes, sempre que así se xustificase para o mellor desenvolvemento das súas probas selectivas:

- a) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes do cónxuxe non separado de dereito de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos.
- b) As persoas con discapacidade.
- c) As persoas, calquera que sexa a súa nacionalidade, descendentes de persoas que posúan a nacionalidade española ou doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que sexan menores de vinte e un anos.

38. Conforme ao disposto no artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a superación das probas teóricas e/ou prácticas que se establezan na convocatoria, as cales deberán permitir determinar a capacidade das persoas aspirantes e establecer a orde de prelación entre elas, denomínase:

- a) Oposición.
- b) Concurso.
- c) Concurso-oposición.

39. Conforme ao disposto no artigo 55 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia:

- a) Os órganos de selección non poderán propor o acceso ao emprego público dun número inferior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.
- b) Os órganos de selección non poderán propor o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, en ningún caso.
- c) Os órganos de selección non poderán propor o acceso ao emprego público dun número superior de persoas aprobadas ao de prazas convocadas, excepto cando así o prevexa a propia convocatoria.

40. Conforme ao disposto no artigo 56 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia:

- a) As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei poden utilizar unicamente para a selección do seu persoal os sistemas de oposición e, excepcionalmente, concurso.
- b) As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei poden utilizar unicamente para a selección do seu persoal os sistemas de oposición e concurso-oposición.
- c) As administracións públicas incluídas no ámbito de aplicación da presente lei poden utilizar para a selección do seu persoal os sistemas de oposición, concurso-oposición e, excepcionalmente, concurso.

41. Conforme ao disposto no artigo 57 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira seleccionarase ordinariamente polo sistema de:

- a) Concurso.
- b) Oposición ou concurso-oposición.
- c) Concurso ou concurso-oposición.

SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

42. Conforme ao disposto no artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito á redución da xornada de traballo diaria, coa percepción íntegra das súas retribucións:

- a) Para atender ao coidado dun familiar de terceiro grao de afinidade por razóns de enfermidade moi grave.
- b) Para atender ao coidado dun familiar de segundo grao de consanguinidade por razóns de enfermidade moi grave.
- c) Para atender ao coidado dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade por razóns de enfermidade moi grave.

43. Conforme ao disposto no artigo 107 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a realización de todas as funcións dun posto de traballo ou dalgunha delas fóra das dependencias da Administración pública na que está destinado un empregado público, mediante o emprego das novas tecnoloxías, denomínase:

- a) Teletraballo.
- b) Traballo a distancia.
- c) Horario flexible.

44. Conforme ao disposto no artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de falecemento do cónxuxe, o persoal funcionario ten dereito a un permiso de:

- a) Dous días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de catro días hábiles se se produce en distinta localidade.
- b) Tres días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de cinco días hábiles se se produce en distinta localidade.
- c) Seis días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de doce días hábiles se se produce en distinta localidade.

45. Conforme ao disposto no artigo 109 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito a un permiso por traslado de domicilio se este ten lugar dentro da mesma localidade:

- a) Dun día natural de duración.
- b) De tres días naturais de duración.
- c) De sete días naturais de duración.

46. Conforme ao disposto no artigo 112 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, por lactación dun fillo menor de doce meses, o persoal funcionario ten dereito a:

- a) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora semanal.
- b) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora mensual.
- c) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora diaria.

47. Conforme ao disposto no artigo 113 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de nacemento de fillos prematuros, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de:

- a) Dúas horas diarias.
- b) Dúas semanas.
- c) Dous meses.



SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

48. Conforme ao disposto no artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de accidente ou enfermidade moi graves da parella de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender ao coidado desas persoas cunha duración máxima de:
- Non ten dereito a ningún permiso por esta causa.
 - Noventa días naturais.
 - Trinta días naturais.
49. Conforme ao disposto no artigo 119 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de matrimonio, o persoal funcionario ten dereito a un permiso retribuído de:
- Quince días naturais ininterrompidos.
 - Trinta días naturais ininterrompidos.
 - Noventa días naturais ininterrompidos.
50. Conforme ao disposto no artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de:
- Vinte e dúas semanas ininterrompidas.
 - Dezaseis semanas ininterrompidas.
 - Trinta días naturais ininterrompidos.
51. Conforme ao disposto no artigo 127 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia:
- Poden concederse licenzas por asuntos propios sen retribución cunha duración que, acumulada, non excederá de tres meses cada dous anos de prestación de servizos efectivos.
 - Poden concederse licenzas por asuntos propios sen retribución, coa duración que regulamentariamente se determine.
 - Poden concederse licenzas por asuntos propios con retribución cunha duración que, acumulada, non excederá de seis meses cada tres anos de prestación de servizos efectivos.
52. Conforme ao disposto no artigo 129 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia:
- Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública polo período máximo de tres meses cada dous anos de prestación de servizos efectivos, durante as cales non se percibirán retribucións.
 - Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública polo período máximo de tres meses cada dous anos de prestación de servizos efectivos, durante as cales se percibirán exclusivamente as retribucións básicas.
 - Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a realización de estudos sobre materias directamente relacionadas coa Administración pública polo período máximo que regulamentariamente se determine, durante as cales se percibirán exclusivamente as retribucións básicas.



SUBGRUPO C2-TEMA 3-EMPREGO PÚBLICO-GALEGO

53. Conforme ao disposto no artigo 130 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia:
- Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria por un período non superior a seis meses.
 - Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria por un período non superior a doce meses.
 - Poden concederse licenzas ao persoal funcionario para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria por un período non superior a dezaoto meses.
54. Conforme ao disposto no artigo 131 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a licenza para supostos de hospitalización prolongada terá unha duración de ata:
- Un mes.
 - Seis meses.
 - Doce meses.
55. Conforme ao disposto no artigo 132 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito, por ano completo de servizos, a vacacións retribuídas de, como mínimo:
- Trinta días naturais anuais ou dos días que correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivos.
 - Trinta días hábiles anuais ou dos días que correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivos.
 - Vinte e dous días hábiles anuais ou dos días que correspondan proporcionalmente ao tempo de servizos efectivos.